

OS BOS E XENEROSOS:
CONCELLOS ORGANIZADORES
DO PREMIO BLANCO AMOR

Compostela, 6 de Marzo de 2010
Museo do Pobo Galego

FRANCISCO CASTRO

A literatura é unha promesa de felicidade.

A literatura sirve para que non poidamos durmir de tanto soñar cousas lindas que temos que poñer nun papel porque se nos vai a vida.

A literatura naceu para fundar mundos e para quedar a vivir neles.

Hai case que 30 anos nacía o Premio de Novela Blanco Amor que hoxe declaramos *Bo e Xeneroso*. Sen dúbida, estamos diante do premio máis cívico e que máis fai País de todos cantos existen na nosa terra. Todos sabemos a súa mecánica: cada ano, un concello diferente é o encargado de acoller a súa organización, de tal maneira que, coma o vento mareiro que entra por unha beira de Galicia para rematar chegando a máis afastada, pero pasando por toda a terra, abenzoándoa toda, agarimándoa por completo, o Blanco Amor viaxa de arriba a abaixo e de esquerda a dereita e de sur a norte e de oriente a occidente para enchelo todo de palabras, de fábulas e de novelas nas que viven personaxes que doutra maneira nunca chegarían a ser. Pero o Premio Blanco Amor non é, expliquémonos ben, un galardón que rote como o fan as presidencias da Comunidade de Veciños. É un premio que decide quedar a vivir nun concello –este ano, Poio, á beira das augas que cantaron os nosos trovadores máis namorados- e que toca botar a andar porque así o decide algo tan literario e tan poético coma o azar, ou se lles presta máis, o destino ou a casualidade. Daquela, estamos diante dun certame que vertebra un país, que fai patria de verdade, que amalgama os catro puntos cardinais desta terra nosa, tan precisada, hoxe coma sempre máis ca nunca eternamente necesitada, de bos e xenerosos.

A literatura sirve para tornar o frío e a tristura dos corazóns xélidos.

A literatura permítenos atopar novas certezas onde só había néboa e escuridade.

A literatura é unha carreira contra da morte.

Os *Bos e Xenerosos* é un galardón que a AELG instituíu para premiar a aqueles que manteñen aceso o lume sempre vivo, a pesar das moitas veces circunstancias hostís que pretenden apagalo, da nosa cultura. Prémíase aos Bos, aos Xenerosos, é dicir, aos que non son nin Feridos nin Escuros. Non aos que non nos entenden, non. Porque este é un premio que nos entende aos escritores e escritoras de Galicia. E comprenderán que sexa lóxico que faga referencia aquí e agora aos literatos deste país noso, porque é a Asociación de Escritores en Lingua Galega quen entrega o galardón. Unha asociación de escritores e de escritoras. E en lingua galega. Na lingua propia de Galicia. Na lingua dos avós e dos devanceiros, como deixou cantado Celso Emilio Ferreiro, esa mesma lingua na que falamos porque si e porque nos peta e porque nos da a gana, mais sobre todo, esa na que falamos e escribimos e facemos novelas e deitamos poemas a rentes do mar ou da montaña grande que inmortalizou Uxío Novoneyra, presidente no seu día desta asociación nosa, a lingua na que escribimos, sobre todo, por amor. Un premio para recoñecer as creacións literarias na lingua na que dicimos *besbello* e *vagalume* e *andoriña* e *alicerce* e *agarimo* e *amor* e *desexo* e *vida* ; a lingua, tamén, por certo, na que dicimos *resistencia*.

A literatura sirve para que caian as fronteiras.

A literatura é para cantar a beleza e o sabor dos beixos.

A literatura comunícanos con eses seres invisibles e necesarios, que nos len e nos entenden, os lectores e as lectoras que incrivelmente, nos aman.

Hoxe premiamos a resistencia, a teimuda resistencia dunha iniciativa que aguanta con vocación de durar moito tempo máis aínda, teimando no labor de atopar novos escritores e escritoras aos que premiar e así descubrir e poñer diante dos verdadeiros destinatarios de calquera creación literaria e aos que antes facía referencia, que son os lectores e lectoras. Esa resistencia debe ser recoñecida,

sobre todo e porque ás veces, as dificultades son hercúleas. Ben sabemos, como non sabelo, e máis hoxe en día, dos esforzos que teñen que acometer en ocasións algúns concellos para facerlle fronte a todos os gastos que se derivan da organización do premio. E esa constancia, esa resistencia, pero sobre todo esa persistencia no tempo e a través do país enteiro, é parte do que explica o seu prestixio. Para calquera escritor ou escritora de nós, gañar o premio Blanco Amor implica ter gañado un certame, que ademais da súa dotación económica (importante: os escritores non nos alimentamos do orballo da mañá, como lle gustaba pensar a Ovidio) outorga a quen se fai merecente del, un halo de prestixio. Ser premio Blanco Amor é recibir un impulso vital de azos cor felicidade para calquera que o consiga. Preguntádelle aos gañadores e gañadoras, dende aqueles primeiros Daniel Cortezón ou Víctor F. Freixanes aos máis recentes Inma López Silva ou Luís Rei Núñez que foi o que sentiron cando do outro lado do teléfono, alguén lles informaba de que eran o Blanco Amor dese ano.

A literatura sirve para que o mundo siga xirando.

A literatura é leite morno e pan e compango.

A literatura é un aínda.

Ler a nómina de gañadores do Premio Blanco Amor de Novela é ter diante dos ollos unha certa historia da literatura galega contemporánea. O que doutro xeito quere dicir que dalgunha maneira a propia literatura galega actual débelle moito a este premio. Por iso celebramos a súa existencia, a súa persistencia, e como antes dixemos e agora insistimos, a súa resistencia. E por iso o premio. Coma homenaxe precisa ao que somos, ao que teimamos en ser, e sobre todo, ao que queremos seguir sendo.

A literatura é mar e nubes brancas.

Amor a ceo aberto.

Parte do sangue salvífico dun País.

Aspiramos a que dentro doutros trinta anos, os alcaldes e alcaldesas de cando menos 60 concellos, senten aquí, ou onde o destino decida, a celebrar os sesenta anos do premio. Daquela ollaremos cara atrás e veremos que a nosa lingua sigue viva a pesar de todo, que a nosa literatura sigue viva a pesar de todo, que nós seguimos ocupando un curruncho da realidade que se chama Galicia que aspira a ser recoñecida coma un igual no resto do mundo e fronte doutras culturas, a pesar de todo. Se dentro de trinta, ou de sesenta ou de mil anos acontece algo así, será porque os concellos de Galicia, a pesar de todo, souberon ser fieis ao mandado de Bondade e Xenerosidade que hoxe se lles recoñece, máis que merecidamente, dende a Asociación de Escritores en Lingua Galega.

Por permitirnos seguir perseguindo a beleza, grazas.

Por permitirnos facer a revolución da felicidade en cada coma, en cada sílaba e en cada verso, grazas.

Por permitirnos amar en galego e que os nosos romeos e xulietas se amen en cada páxina, grazas.

Por Bos, e por Xenerosos.

Grazas.